

## PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Tendo solicitada axuda ao abeiro da *Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (código de procedemento TR351G)* (DOG núm. 73 de 20 de abril de 2021), e vista a resolución da Consellería de Emprego e Igualdade de data 25 de xuño de 2021,

### DISPOÑO:

- Incóuese expediente para a contratación de 1 persoa desempregada, para un posto de peón forestal, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumplirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- O contrato a formalizar será a xornada completa, por un período de 9 meses, para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlle a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demás documentación complementaria prevista na Lei.

Documento asinado electronicamente.